




O Departamento de Pedagogía e Didáctica das Ciencias Experimentais

ten o pracer de presentar o catedrático especialista en racismo e *curriculum*

Cameron McCarthy

quen ofertará dúas conferencias sobre o tema:

Lendo & ensinando a perspectiva Postcolonial



■ Xoves, 16 Decembro, 18'00h:

"Despois do 11-S: Reflexións sobre o global, reflexións sobre a empatía, reflexións sobre o postcolonial"

Se aínda existe alguén que se resiste a aceptar as ideas da globalización, transnacionalismo, poscolonialismo e as súas implicacións para a convivencia no mundo contemporáneo, a súa implicación nas categorías organizativas que se toman por feitas como as de "nación", "estado", "cultura", "identidade" e "Imperio", ou a noción de que vivimos nun mundo profundamente interconectado no que os centros e as marxes son inestábeis e son continuamente redefinidos, rearticulados e reorganizados, "esa persoa viuse obrigada a mudar cos eventos do 11-S. Os eventos críticos dese día --os atentados contra os edificios do Centro Mundial do Comercio e o Pentágono, e o crescendo do impacto destes actos extraordinarios-- van afectarnos a todos." Baseándome na obra *Imperio* (2002) de Michael Hardt e Antonio Negri, nesta presentación abordarei algunhas das implicacións do 11-S para reflexionar sobre a empatía, a subxectividade poscolonial e a autobiografía a raíz desta impresionante fragilidade das formas modernas de organización centro-periferia no dominio imperial.

■ Venres, 17 Decembro, 12'00h:

"A imaxinación postcolonial: volver a pensar a tese centro-periferia"

Nesta exposición, presentaranse algúns argumentos chave respecto da relación entre a estética poscolonial e a imaxinación emancipadora. O pensamento crítico contemporáneo sobre a condición da arte tende a favorecer unha de tres perspectivas: o antipopulismo (p. ex., Adorno, Horkheimer e, máis recentemente, Habermas); o populismo (Benjamin e, máis recentemente, o corpo de investigadores asociados coa Birmingham School of Cultural Studies); e finalmente, o posmodernismo (sobre todo a través da obra de Jameson e Jencks). Estas aproximacións, no entanto, veñen xerando aparatos críticos que tenden a silenciar a obra historicamente específica dos habitantes colonizados do terceiro mundo e da periferia do primeiro mundo.

En forte contradistinción a isto, argumentarase que a obra xurdida da imaxinación poscolonial ocupase de maneira dinámica dos sistemas de dominación e da autoridade no coñecemento e na representación. Esta obra desestabiliza as tradicións recibidas en torno á identidade e á asociación, aportando novos puntos de partida para a afiliación comunitaria. Preséntanse, así mesmo, os motivos chave da arte poscolonial. Organizaranse baixo as categorías ou os novos xéneros estéticos da "representación contrahexemónica", da "codificación dupla e triple", e baixo visións utópicas e "emancipadoras".

Lugar:

Salón de Actos
Facultade de CC. da Educación

Máis información:

cathryn@udc.es
Haberá interpretación simultánea